

FARO

O Accésit do XX Premio Esquíó confirma a Rafael Lema como un poeta do mar pois, en *Luces de N.Y.*, é presenza esencial nos poemas que o fareiro protagonista da obra vai plasmando no libro de servicio na súa última noite na torre. Neste sentido, atopamos moitos puntos de contacto coa *ópera prima* do autor, *Cemiterio das gaivotas*, artellada tamén en forma de diario dunha singradura. Desde o faro, o torreiro percibe as presencias dos galeóns, dos bravos navegantes doutrora e albisca, a un tempo, as luces da lonxana cidade de Nova York mentres se decata de que “Os *infernos da noite e da alma son divinos/ é a vida a parte escura do home/ a realidade ou eso que sae nas fotos/ tan irreal pero exacto*” **T.S.**

Tempos Novos, 54, novembro 2001, p. 71